

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido ao retraso da súa valoración de dependencia

Expediente: G.6.Q/18949/18

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018

Sra. conselleira:

Nesta Institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D^a [REDACTED] referente ao retraso da súa valoración de dependencia.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos o 11/4/18 “presentou solicitude sobre recoñecemento do grao e nivel de dependencia e de determinación do Programa Individual de Atención, sen que ata o momento se teña resposta por parte da Xunta de Galicia, polo que procede a manifestar: Primeiro.- De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común (anterior artigo 42 da 30/1992), a administración está obrigada a resolver de modo expreso sobre cantas solicitudes se formulen polos interesados no prazo máximo legalmente establecido, podendo este incumprimento dar lugar á responsabilidade directa do persoal ao servizo da administración que teña ao seu cargo o despacho dos asuntos. O vencemento do referido prazo non exime ás administración públicas da obriga de resolver aínda que sexa con posterioridade ao mesmo. Segundo.- Así mesmo e de acordo con artigo 13 da mesma Lei, os cidadáns teñen dereito a coñecer en calquera momento o estado de tramitación dos procedementos nos que figuren como interesados. Terceiro.- En canto ó prazo no que se debe emitir resolución sobre o procedemento para o recoñecemento de grao e nivel de dependencia así como na determinación do Programa Individual de Atención, o Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes dispón expresamente nos artigos 14 e 15 que: "Artigo 14.- Prazo para resolver o procedemento de recoñecemento do grao e nivel de dependencia. O procedemento para o recoñecemento do grao e nivel de dependencia resolverase no prazo máximo de tres meses desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a instrución e resolución do expediente. Artigo 15.- Prazo para resolver o procedemento de determinación do Programa Individual de Atención. O procedemento para a determinación do Programa Individual de

Atención resolverase no prazo máximo de tres meses desde a data da resolución do grao e nivel de dependencia".

De conformidade co anterior recordámoslles que, segundo a normativa de aplicación, nos procedementos sobre o recoñecemento do grao e nivel de dependencia e da determinación do Programa Individual de Atención, a administración debe emitir resolución en ambos casos nun prazo máximo de 3 meses. Sen embargo, neste expediente administrativo, no relativo ao recoñecemento do grao e nivel de dependencia xa se superou con creces o citado prazo legal, e aínda non se obtivo resolución expresa algunha, o que ven a ser un claro incumprimento do articulado da norma transcrita e tamén das abrigas inherentes á mesma. A falta de emisión dunha resolución expresa en ambos casos ocasiona un claro prexuízo á solicitante, e máis cando a lexislación fai referencia a un prazo máximo no que a Administración debe emitir una resposta á solicitude realizada.

“Do indicado é polo que solicito que se emita o máis axiña posible o meu recoñecemento do grao e nivel de dependencia, e que se me aclare por que levo tanto tempo esperando por dita resolución (máis de seis meses) dado que a lei establece un prazo máximo de tres meses dende a solicitude . Sinalar que este retraso por parte da administración á hora de recoñecerme o grao e nivel de dependencia me supón un importante prexuízo. Sinalar que por unha banda o meu estado de saúde se foi agravando cada día máis e por outra banda me informan que o tempo medio de espera para o recoñecemento do grao de dependencia é de 10 meses, tempo que non poido esperar dada a miña situación socio-familiar”.

2. Ante iso requirimos información á Consellería de Política Social, que nola remitiu. Nela sinálase o seguinte:

“ANTECEDENTES: 1. Con data 11/04/2018 D^a. ██████████ presenta solicitude de valoración do grao de dependencia. 2. Unha vez que a solicitude de D^a. ██████████ con DNI ██████████ foi mecanizada, a aplicación informática asígnalle a seguinte codificación vinculada: número de arquivo físico da súa documentación FE-78841. 3. Será preciso que a persoa interesada sexa entrevistada palas persoas profesionais que forman o equipo de valoración cunha duración mínima de 30 minutos por profesional.

CONCLUSIÓN: Existe un elevado número de solicitudes tanto de valoración inicial como de revisións cuxa iniciación debe seguir o rigoroso arde de entrada de solicitudes para cumprir o establecido no artigo 26.1 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Esta orde de iniciación só pode ser modificada nos casos previstos no propio decreto, que no artigo 16 recolle os seguintes supostos de emerxencia: a) Unha situación de desamparo ou abandono b) Malos tratos físicos e/ou psíquicos c) Situación de risco grave inminente para a súa integridade física e/ou psíquica. E no artigo 26.3, que establece a prioridade dos expedientes de menores de tres anos.

Unha vez iniciado o procedemento, na súa tramitación a orde de prelación tamén ven taxada no artigo 26.2 do Decreto 15/2010. Debido a este elevado número de solicitudes, estase producindo de xeito conxuntural unha acumulación de expedientes que esta atrasando os prazos nos que se citan ós usuarios e se notifican as resolucións. Non obstante, estanse levando a cabo actuacións para corrixir esta situación e reducir os prazos de tramitación. As valoracións que dependen do órgano de Ferrol teñen un retraso aproximado de 10 meses desde a data da solicitude”.

ANÁLISE

1. Confírmouse o retraso da valoración, que solicitouse en abril e aínda non se resolveu, a pesar de que o prazo é de 3 meses. A consellería indicou que hai unha acumulación de expedientes e as valoracións se retrasan, pero leva a cabo actuacións para corrixir a situación e “reducir os prazos de tramitación” (en realidade o tempo de espera). E concreta que o retraso é de 10 meses, polo que a valoración non se fará, previsiblemente, ata febreiro do próximo ano.
2. O retraso da primeira fase ten a consecuencia de demorar a atención, que é o obxectivo dos procedementos de dependencia; por iso, unha vez finalizada a primeira fase, a de valoración, a segunda, de aprobación do programa de atención, debería realizarse de forma urxente.
3. O Decreto 15/2010 conforma dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA), e establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15).
4. O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos. As demoras prexudican aos afectados, que polas circunstancias que acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta comprensible. Os dependentes, familiares e cuidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.
5. A persoa que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que sinala que os poderes públicos

realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración dos (discapacitados), aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a Administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

Que con urxencia se aprobe a valoración de dependencia e despois o programa de atención, e que se concreten as actuacións para corrixir os retrasos nas valoracións de dependencia e os seus resultados.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo dun mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoa atentamente.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo